

Quero seguirte de corazón

EU SI, QUERO, SEÑOR, ir contigo ata o final, colaborar coas túas cousas, corríxime coa túa Palabra.

EU SI, QUERO, SEÑOR, marchar polos teus camiños, vivir na túa verdade, amar co teu mesmo amor.

EU SI, QUERO, SEÑOR, coidar o que Ti coidas, sementar o que Ti sementas, dar o que Ti dás.

EU SI, QUERO, SEÑOR, traballar no teu campo, coidar a túa viña, levar ledicia ao mundo, achegar ilusión e esperanza.

EU SI, QUERO, SEÑOR, mais, se nalgún momento, che digo que "si quero" e é un "non quero"; perdóame, Señor, e fai que volva ao camiño verdadeiro.

EU SI, QUERO, SEÑOR, ir contigo, ser o teu discípulo, seguirte, ser a túa testemuña; dígocho non só de boca, senón "de corazón".



As palabras grandes
lévaas o vento.
O amor é discreto
e penetra con suavidade.
Máis vale non dicir nada e actuar
que adiantarse con mil palabras
e logo non facer nada de nada.


Evanxeo

1-out-2017

26º-Ord-A

Ordinario

"Un díxolle non, pero foi,
o outro díxolle si, pero non foi".



Sigue a Xesús dicíndolle
"SI" co CORAZÓN e NON coa BOCA.

• **EZEQUIEL 18, 25-28:** *Cando o malvado se converte da maldade, salva a súa propia vida.*

Isto di o Señor: «Insistides: “Non é xusto o proceder do Señor”. Escoitade, casa de Israel: É inxusto o meu proceder? Non é máis ben o voso proceder o que é inxusto? Cando o inocente se aparta da súa inocencia, comete a maldade e morre, morre pola maldade que cometeu. E cando o malvado se converte da maldade que fixo e practica o dereito e a xustiza, el salva a súa propia vida. Se recapacita e se converte dos delitos cometidos, certamente vivirá e non morrerá». Palabra do Señor.

• **SALMO 24: R/. Recorda, Señor, a túa tenrura.**

• **FILIPENSES 2, 1-5** (forma breve): *Tede entre vós os sentimentos propios de Cristo Xesús.*

Irmáns: **Non sabedes que sodes templo de Deus** e que o Espírito de Deus habita en vós? Se algún destrúe o templo de Deus, Deus destruírao a el; porque o templo de Deus é santo: e ese templo sodes vós. Que ninguén se engane. Se algún de vós se cre sabio neste mundo, que se faga necio para chegar a ser sabio. Porque a sabedoría deste mundo é necidade ante Deus, como está escrito: «*El caza os sabios na súa astucia*». E tamén: «*O Señor penetra os pensamentos dos sabios e coñece que son vans*». Así, pois, que ninguén se glorie nos homes, pois todo é voso: Paulo, Apolo, Cefas, o mundo, a vida, a morte, o presente, o futuro. Todo é voso, vós de Cristo E Cristo de Deus.

Palabra do Señor.

• **MATEU 21, 28-32:** *Arrepentíuse e foi...Os publicanos e as prostitutas van por diante de vós no reino de Deus.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo:

Xesús: «Que vos parece? Un home tiña dous fillos. Achegouse ao primeiro e díxolle:

Pai: “Fillo, vai hoxe traballar na viña”.

Xesús: El contestoulle.

Fillo 1: “Non quero».

Xesús: Pero despois arrepentíuse e foi. Achegouse ao segundo e díxolle o mesmo. El contestoulle:

Fillo 2: “Vou, señor”.

Xesús: Pero non foi. Quen dos dous cumpriu a vontade de seu pai?».

Narrador: Contestaron:

Sacerdotes: «O primeiro».

Narrador: Xesús díxolles:

Xesús: «Asegúrovos que os publicanos e as prostitutas **van por diante de vós no reino de Deus**. Porque veu Xoán a vós ensinándovos o camiño da xustiza e non o crestes; en cambio, os publicanos e as prostitutas crérono. E, aínda despois de ver isto, vós non vos arrepentistes nin o crestes».

(Narrador-Xesús-Pai-Fillo 1-Fillo 2-Sacerdotes)



Sigue a Xesús dicíndolle “SI” co CORAZÓN e NON coa BOCA.

1. VER: Hai persoas que son de palabra.

-Hai xente que pensa as cousas antes de dicilas e responde si ou non pero con todas as consecuencias. Se se compromete a facer algo faino e se dixo que non, non o fai. Por iso cando falamos dicimos: “*coa man no corazón dígoche que si*”. Outros, con todo, din algo pero logo non o fan. Recorda a máxima: “*promete aquilo que vaias realizar e cala aquilo que te deixe en evidencia*”. **Como es de palabra? traízoache a boca?**

2. XULGAR: Di a Xesús “SI” co corazón e NON coa boca.

-No evanxeo deste domingo, Xesús cóntanos que un pai mandou o seu fillo traballar á súa viña, o contestou que si pero non foi. E o outro fillo díxolle que non ía, pero ao final foi. E termina corrixindo os fariseos que se cren tan bos pero non fan o que se lles pide.

+ QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

1. Xesús é o “viñador” que nos chama a seguilo:

***Di a canción:** “Deus é o teu amigo, o “viñador” o que te coida de sol a sol”. Agradécelle que conte contigo. Agradece que te coide sempre con agarimo dándoches o sol da súa graza, podendo os teus fallos, regándote co seu amor.

***Síntete chamado por Xesús** para seguilo, para ser a súa testemuña, para traballar na súa viña do Reino.

2. Para seguir a Xesús hai que dicir SI co corazón non coa boca:

***Recordemos as críticas de Xesús** aos fariseos que eran especialistas en dar o “si” a Deus e logo vivían na hipocrisía, aparentando que facían, pero nada de nada. Vivían lonxe de Deus. Tamén nós prometemos a Xesús que faremos, pero a preguiza, o esquecemento, a inconstancia... fan que non sexamos coherentes co que prometemos e somos cristiáns a tempo parcial, “ás veces”.

***Sigue a Xesús de corazón, fai sempre a súa vontade. O amigo, o seguidor de Xesús fai sempre o que El lle pide.**

Agradeces o seu coidado? Cando fas a súa vontade?

3. ACTUAR: Di sempre a verdade e sé coherente.

-Acostúmate a dicir sempre a verdade aínda que custe.

-Dálle sempre a Xesús un SI de corazón, cando ch pida algo, non trates de enganalo e pídelles perdón se lle fallas.

Que estás disposto/a a facer? E o teu grupo?